

Vivir en OLEIROS

Toda a actualidade en: www.oleiros.org

Concello de  Oleiros

Número 85 • Xaneiro 2026



**Máis obras de renovación das
redes xerais de auga**

Páxina 8

A toda máquina!



O Paseo da Ría quedará conectado con Cambre a finais do verán. Tras unha ardua xestión política, o Ministerio acabou por aceptar as demandas do Concello.

Páxina 4

**Iniciada a construción
dos 146 pisos protexidos
das cooperativas**

Páxina 5



Alternativa dos Veciños

Política de feitos

Para rebaixar o prezo da vivenda en Oleiros poderíamos caducar o Plan Xeral, eliminar zonas verdes, equipamentos deportivos, instalacións culturais e permitir a construción de miles de vivendas en grandes bloques de 10 e 12 alturas; tamén poderíamos pechar bibliotecas, eliminar parques infantís, deixar de subvencionar e colaborar coas entidades, privatizar as casas de préstamo, desprotexer a costa e os bosques, reducir frecuencias de limpeza viaria, minimizar a programación cultural, recortar políticas sociais... Si, claro que si, poderíamos aplicar en Oleiros esas políticas propias de PP e PSOE, das que sobran exemplos na xeografía galega e española.

Pero que ninguén se preocupe. Iso non sucederá, polo menos

mentres o pobo siga confiando en Alternativa dos Veciños. Con nós nunca existirá ese Oleiros de degradación paisaxística e humana, ese patio de recreo que algúns sempre ansiaron impoñer para lucro duns poucos.

A constante mellora que facemos de Oleiros repercute nun maior atractivo residencial, que beneficia aos que aquí vivimos. Coa nosa política garántese o acceso a innumerables servizos e infraestruturas públicas independentemente de rendas económicas. Ademais o feito de ter un ben inmoible é practicamente un seguro de vida. Ou hai alguén que queira que as súas propiedades perdan valor?

As enormes dificultades para o acceso á vivenda non son exclu-

sivas de Oleiros, trátase dun problema de Estado (o máis importante neste momento). Agás en municipios rurais nos que existen carencias de servizos, comprar ou alugar unha vivenda en cidades ou áreas urbanas de calquera punto de España é prohibitivo para as familias con ingresos medios.

O máis indignante é que os que realmente teñen que actuar para invertir a situación (o PP desde o Goberno de Santiago e o PSOE desde o Goberno de Madrid) son os mesmos que onde non gobernan, como aquí en Oleiros, atrévense a dar leccións. Pura demagogia.

Os concellos non temos ningún tipo de competencia en vivenda. Iso non impediu que coa nosa

política urbanística promovésemos desde o ano 1.992 a construción de 1.156 pisos protexidos, entre os que están os 146 que comezaron estes días; aos que haberá que engadir os 34 que se crearán o próximo ano mediante a mesma fórmula de cooperativa, cun custo de adquisición medio por vivenda de 205.000 euros.

Precisamente grazas a esas 3 últimas promocións, Oleiros pasou a ter o metro cadrado de piso de nova construción máis barato da comarca xunto con Arteixo. Fronte á manipulación, feitos.

Municipio para ricos? Non. Municipio para pobres? Tampouco. Oleiros, un concello para vivir.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O Partido Popular de Oleiros espera seriedade e responsabilidade na xestión do litoral polo Concello

A Xunta de Galicia autoriza que Oleiros xestione os servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre a partir de 2026.

A medida derívase do traspaso á Comunidade Autónoma das competencias en xestión do litoral e supón unha oportunidade e un reto para a acción do Concello.

O Partido Popular de Oleiros considera que as posibilidades que implican para a xestión do litoral por parte do Concello supoñen á vez un reto e un desafío, especialmente para un consistorio afeito a escusarse da inoperancia doutras administracións e confía que o Concello saiba estar á altura das circunstancias.

O Diario Oficial de Galicia acaba de publicar o pasado 14 de novembro a relación dos 17 concellos que xestionarán dita franxa de dominio público da costa -e entre os que se atopa Oleiros-, sendo a primeira vez que o Goberno autonómico asume a tramitación directa das solicitudes dos concellos interesados na explotación de

instalacións, actividades, eventos e servizos de tempada, tras o traspaso efectivo a Galicia o pasado 1 de xullo.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Carta aos Reis Magos pedindo un Oleiros mellor xestionado

Chegou o Nadal coas festas e luces. Tamén chegou o orzamento de Oleiros, onde o "agasalho" de AVV vai ser a suba das taxas un 19,23%, os impostos directos un 3,62%, e os indirectos un 8,72%, para gastar eses cartos dos veciños en cousas superfluas mentres que para o problema da vivenda van dedicar cero euros.

Fronte a esas contas sen empatía de AVV, os socialistas, con rigor e propostas, somos os únicos que presentamos alegacións amosando que, ordenando o gasto, non sería

preciso volver subir impostos (o IBI o 12% en dous anos). Poderíamos dedicar máis de 1,5 millóns a políticas de acceso á vivenda en propiedade e en aluguer, á mellora da mobilidade e dos servizos.

O goberno de AVV cústanos o 2% de todo o orzamento, o 7% dos salarios do concello. Esta "singularidade" supónlle a cada oleirense o triple que na Coruña e o dobre que en concellos de igual poboación. Nós propoñemos eliminar as dedicacións exclusivas da metade dos concelleiros e dos 7

asesores contratados a dedo, usados para comprar favores en Carral, Cambre ou Coruña, que sumados a que o alcalde cobre da Deputación e a supresión do coche oficial, aforrarián máis de 600.000€. Xunto cos 500.000€ de publicidade "institucional" dan para moito.

Na publicidade de AVV, pagada cos nosos cartos, din que son bos xestores, pero os informes municipais amosan como nos últimos tres anos, deixaron sen executar o 20% das partidas de "Servizos" e o 40% de

"Inversións", 7,5 millóns. O nivel de execución da partida dos seus soldos foi do 100%.

E como nesta época podemos pedirle cousas aos Reis Magos, dende aquí, pedimos que AVV inicie xa os trámites para reclamar os 2 millóns que nos custaron aos veciños os erros cometidos nos estudos do proxecto do Multiusos, porque non viron o río que leva alí toda a vida, e van xa 18 meses co tempo de prescrición avanzando e vendo como AVV, con silencio cómplice, non move ficha. Moi feliz Nadal!!



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Por unha vía Ártabra vertebradora, metropolitana, solidaria, de balde, que chegue até a A6

A Vía Ártabra fora concibida cun percorrido que tiña o obxectivo de vertebrar a comarca, para favorecer a mobilidade comarcal, xunto coa A-6, coa terceira rolda e coa infame AP-9; é dicir, como unha verdadeira cuarta rolda. O seu percorrido de norte a sur chegaría do Porto de Lorbé até Santa María de Vigo, onde ligaría coa A-6, un trazado recto e continuo, sen viraxes absurdas, que vertebraría Oleiros, Sada, Cambre, Bergondo... coa Coruña, Culleredo, Arteixo,

Compostela e, por suposto, coa saída cara a Betanzos, Lugo...

Non se concibira inicialmente como o simple atallón que defende a pinza do PP e Alternativa dos Veciños a través do trazado do humidal da Gándara, que consideramos insolidario e alleo ao propósito de vertebración da comarca.

Defendemos un trazado bo para Oleiros e bo para a comarca, a través de Catro Camiños e non da Gándara. Esta estrada nunca foi concibida como

unha vía co único obxectivo de unir o interior e norte de Oleiros coa Coruña. Tamén serviría a este fin, mais a idea era vertebrar a comarca, sen desvíos cara ao oeste, senón unha vía recta que posibilitaría saír de Oleiros e Sada cara á Coruña, mais tamén cara a Lugo, cara ao mundo, sen pagar peaxes e sen reviravoltas. Este trazado inicialmente aprobado, que era bo para Oleiros e bo para toda a comarca, pasaba por Catro Camiños. Esta é a conexión lóxica e racional se

o que queremos é que sexa unha vía comarcal e non unha estrada que aforre 3 minutos a unha parte minúscula do territorio da comarca. Estes minutos perderíao por duplicado quen non fose cara ao oeste senón cara ao leste (Lugo) ou cara ao sur. En concreto, isto afectaría os oleirenses que fosen cara ao norte de Oleiros dende o sur da comarca. Todo isto alén de novos e pingües beneficios para a voraz AP-9. Arriscamos moito. Non é ningún capricho.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.

Editorial

• A verdadeira riqueza de Oleiros

♦ Neste momento residimos en Oleiros máis de 40.000 persoas de 89 nacionalidades distintas. Cidadáns que na súa maior parte naceron noutros lugares de Galicia, España ou do mundo, pero que buscando o mellor para as súas familias decidiron asentarse aquí. Unha elección que non é froito do azar.

O desenvolvemento durante décadas dun proxecto político e a xestión realizada no Concello, plasmouse nunha elevada calidade de vida, que claramente repercute nun grande atractivo residencial. Oleiros é o mellor lugar para vivir pola grande cantidade e calidade de servizos públicos; o respecto do medio ambiente; as actividades sociais, culturais e deportivas; as incontables infraestruturas e equipamentos públicos; parques, zonas verdes, paseos, praias...

Pero Oleiros tamén é o mellor lugar para vivir por un inmenso patrimonio humano que move o municipio, que enche de vida cada recuncho, cada parque, cada casa do pobo, cada instalación deportiva... En Oleiros respírase unha convivencia agradable, sa, tolerante e respectuosa, que se promove constantemente desde o Concello, pero para a que resulta impres-

cindible tamén o traballo colectivo de tantas e tantas persoas que forman o movemento veciñal. Porque, de que serviría tantísima instalación e infraestrutura pública se fosen lugares mortos?

A suma de todos eses factores materiais e inmateriais fixo posible que hoxe a marca Oleiros sexa unha referencia de prestixio en moitos ámbitos, traspasando fronteiras. E é que malia etiquetas inexistentes que se pretenden colocar por intereses políticos, Oleiros é exemplo de progreso e sostibilidade, suscitando o interese de prestixiosos medios de comunicación, profesionais de distintas ramas, políticos de todo signo, premios...

A diferenza do que acontece noutras vilas ou cidades, para unha inmensa maioría ser de Oleiros é un orgullo. Independentemente do lugar de nacemento ou dos anos de residencia aquí, o sentimento de pertenza e de comunidade é moi forte. Somos moitos e moitas os que presumimos de Oleiros polo que temos, pero sobre todo, polo que somos. Un tesouro intanxible de valor incalculable que debemos coidar, pois esa é a maior riqueza á que pode aspirar un pobo.

Oleiros, un concello distinto



Dito e feito “En marcha as obras pendentes do Paseo da Ría



Por fin, despois dunha longa batalla política do Goberno municipal, as máquinas traballan na construción do tramo pendente de paseo marítimo desde O Seixo ata O Graxal, en Cambre. Cun investimento de 1,8 millóns, está previsto que quede rematado a finais de verán.

O trazado transcorrerá por terreos de propiedade do Concello de Oleiros clasificados como zona verde, no parque público do Graxal. Para a construción das escolleras que darán soporte ao paseo será necesario talar todos os eucaliptos limítrofes co paseo, así como as acacias que se atopan no linde co actual paseo de Cambre, onde rematará esta obra. Tamén serán eliminados os dous fosos existentes, que antigamente serviron como embarcadoiros.

O PARAÍSO

Cumprimentado o último trámite pendente coa publicación do proxecto no BOE, estímase que no mes de febreiro estará en execución tamén a construción do tramo de paseo pendente no Paraíso, cun custo de 556.000 euros. Darase por cumprida así outra das demandas do Concello ao Ministerio para que o paseo da ría cumpra con todas as condicións para unha mobilidade peonil e ciclista segura e accesible.



Urxe acelerar a tramitación da obra da pasarela do Castelo

O Concello leva reclamando desde hai máis de dous anos a necesidade de renovación da pasarela de Santa Cruz. Malia que o Ministerio de Transición Ecolóxica aceptou as solicitudes do Concello e está a realizar os trámites previos á obra, urxe acelerar o proceso ante o estado de deterioración da pasarela, cada vez máis visible.

En cumprimento do compromiso acadado co Goberno municipal, o Goberno central procedeu á contratación da redacción do proxecto de construción dunha nova pasarela de acceso ao Castelo de Santa Cruz. Urxe concluír o proxecto e contratar a obra o antes posible, para a que se estima un custo de 1 millón de euros.

Comeza en Perillo a construción dos 146 pisos protexidos das cooperativas

“Un total de 146 familias terán unha vivenda a través das cooperativas promovidas polo Concello en Perillo, Xaz e Mera. O prezo medio destes pisos, fixado pola normativa da Xunta, está en 205.000 euros máis IVE, moi lonxe dos 350.000 ou 450.000 euros polos que se venderían no mercado libre.



O Concello promoveu a constitución de 3 cooperativas de vivendas en Perillo, Xaz e Mera, mediante a venda de solo de propiedade municipal a prezos inferiores ao mercado. Coa obra de Perillo xa iniciada, a de Xaz botará a andar nas primeiras semanas de 2026 e a de Mera comezará no primeiro semestre do ano.

PREZOS DAS VIVENDAS

Despois das reiteradas denuncias por parte do Concello alertando da inexistencia de axudas reais e efectivas da Xunta para facilitar a adquisición de vivendas protexidas mediante cooperativas, convocáronse unhas subvencións autonómicas que acaban de ser resoltas. Así, as cooperativas de Xaz e Perillo recibirán 1.080.000 euros, minorando en 10.000 euros o desembolso a realizar para a adquisición de cada un dos pisos (a cooperativa de Mera, constituída máis tarde, entrará na convocatoria de 2026).

O prezo inicial de adquisición destes pisos estaba de media nos 215.000 euros (3 dormitorios, 2 prazas de garaxe e máximas calidades construtivas). Ese importe está estipulado polos parámetros da Xunta de Galicia e varía á baixa ou a alza en función dos metros cadrados da vivenda. Con esta subvención todas as vivendas ven reducido o seu importe de adquisición en 10.000 euros. En ningún caso, nin antes das subvencións, o custo dos pisos protexidos era de 300.000 euros, como afirmaba algún grupo político da oposición.

NOVAS COOPERATIVAS

Nas próximas semanas o Concello sacará á venda máis solo, tamén a prezos inferiores de mercado, para a construción de máis vivendas protexidas. Serán 19 na capital do municipio, no centro de Oleiros, e 15 en Mera. Unha vez adxudicadas, informarase debidamente de todo o proceso de inscrición para aquelas posibles persoas interesadas.

No último desenvolvemento de Icaria tamén se crearán, por iniciativa privada, 22 pisos en réxime de alugueiro protexido. En todas as urbanizacións que se van formando, o Concello reserva os mellores espazos para as vivendas de protección.

Esta política do Concello de Oleiros é única a nivel municipal en Galicia. Mentres Xunta e Estado aproban leis infrutuosas e anuncian a construción de milleiros de vivendas que nunca chegan, coa promoción destas 3 cooperativas o prezo medio dun piso de nova construción en Oleiros descendeu notablemente, ata o punto de ser o máis baixo da comarca.



Colocada a cúpula do multiusos tras unha espectacular operación

“A cúpula que xa cobre desde hai un par de semanas o gran edificio público que se está a construír en Bastiagueiro tivo que ser ensamblada no interior do propio recinto con cimbras de aceiro. Ocupa unha superficie de 1.450 metros cadrados e mide 135 metros de perímetro e 41,5 metros de diámetro.



Esta obra que avanza con pasos de xigante, xa comeza a facerse un oco na paisaxe. O tambor de formigón e cristal, que posteriormente será recuberto para integrarse na contorna, ofrece unha potente visibilidade desde a avenida Che Guevara. Unha enorme flor de luz que se constrúe para encher de vida as súas paredes e a alma dos seus visitantes. Será, ademais, un dos vértices da vida cultural e ata económica de Oleiros.

Concertos, competicións deportivas, feiras, congresos... Múltiples maneiras de presentar Bastiagueiro como centro de citas interesantes. Espectáculos, arte, reunións, convencións, convocatorias que conformarán escenarios diferentes, todos eles cheos de interese non só para a cidadanía, senón tamén para os hoteis e a hostalaría local.

Un epicentro cultural situado a uns 20 minutos camiñando desde o alto de Perillo, desde Santa Cristina e desde Santa Cruz, unha equidistancia desde a que achegarse a algunha das súas múltiples salas para eventos ou ao espazo central, cun número de asentos variable e adaptable en función da demanda.

En palabras do seu arquitecto, Fernando Martínez, “un edificio flexible, capaz de albergar distintos usos, onde cada apertura converte o natural en escenario e o cotián en experiencia. Unha lembranza de que a arquitectura pode ser soporte, limiar e horizonte... todo ao mesmo tempo”.

“Foi necesario un guindastre cunha capacidade de carga de 750 toneladas



A Xunta queda sen excusas para crear os pasos de peóns en Salvador Allende



Atendendo ás demandas da Asociación de Veciños Os Rueiros e das comunidades educativas do CEIP Juana de Vega e do IES Miraflores, o Concello de Oleiros volveu solicitar á Xunta de Galicia a necesidade de pintar pasos de peóns en varios puntos da avenida Salvador Allende, desde A Veiga ata Os Vilares. Tal e como reclamou o Goberno municipal en varias ocasións, a Xunta acaba de reducir a velocidade desta vía de 70 a 50 km/h, polo que non existiría ningún tipo de impedimento para realizar esta sinxela actuación.

Esta demanda veciñal, que o Concello leva reclamando de forma reiterada durante os últimos anos, é especialmente importante para garantir a seguridade viaria dos nenos e nenas que utilizan o transporte público para ir ao colexio ou ao instituto e que carecen de pasos de peóns para cruzar a rúa; así como do conxunto da cidadanía que vive a ambas marxes desta estrada de titularidade autonómica e utiliza o transporte público ou se despraza a pé a outros puntos da localidade.

SEN BEIRARRÚAS

O Concello tamén está a demandar á Xunta a construción de beirarrúas para a mellora da seguridade peonil. A avenida Salvador Allende é a estrada interior principal de San Pedro de Nós e comunica con Cambre e Abegondo.

Só existen beirarrúas nos tramos que promoveu o Concello. Ata o momento a Xunta negouse a actuar, sendo especialmente necesario desde o Pazo da Carballeira ata a rúa Ragueiro Oscuro.



Novas melloras viarias en Serantes e Dexo

O Concello procedeu recentemente a asfaltar o camiño do Raposo. A estrada conecta os núcleos de Fornos e Aba. O investimento realizado foi de 56.941 euros.

“As obras de renovación de pavimentos son constantes ao longo de todo o ano



Máis obras de renovación da rede de augas



No proceso de renovación da rede xeral de auga de Montrove e Oleiros, están a piques de finalizar as obras na zona de Lamastelle. Ademais, nas próximas semanas comezarán na localidade de Oleiros dous novos tramos: A Pezoca-Quinta Canaima e depósito da Edreira-rúa do Pazo.

Tamén avanza a bo ritmo a instalación dunha nova condución xeral en Nós, na avenida de Salvador Allende. A esa obra haberá que engadirille outra que se iniciará nas primeiras semanas de 2026, na Costa da Tapia, por onde pasa unha das tubaxes xerais de entrada do Concello de Oleiros, na que se estaban a producir continuas roturas.

O conxunto destas obras suman máis de 2 millóns de euros. Un investimento que non se ve, pero que resulta imprescindible para a calidade de vida cidadá.

Economía circular para reutilizar podas en zonas verdes e xardíns



O Concello está a empregar un camión integrado con grúa e trituradora, especializado no tratamento de importantes masas de madeira, para esnaquizar os restos de madeira acumulados en 2025 froito das podas ou cortas de árbores e arbustos de zonas verdes ou vías de xestión municipal. Desta maneira, sen necesidade de máis medios mecánicos, aproveítase para a creación de elementos naturais para a reutilización nos propios espazos verdes.

O material utilízase posteriormente para a cobertura de macizos e escavas co fin de evitar a competencia das "malas herbas", manter a humidade do terreo en verán, facilitar os labores de mantemento e ofrecer un aspecto saudable ás árbores e masas vexetais ornamentais. Entre outros lugares, utilízanse no Parque Rosalía Mera, na avenida de Santa Cristina, nas zonas verdes de Mesón da Auga, rúa Yassir Arafat...

Esta actuación permite aforrar custos ao Concello dado que se eliminan os gastos de transporte da madeira e de compra de cobertoiras e cortiza trituradas. Ademais, libérase espazo da nave de Servizos Municipais, pasa a dispoñer dun punto de acumulación deste material no viveiro do Concello na Finca da Carballeira, en Nós.

A acción supón unha aposta pola economía circular e a ecoxestión destes elementos, que pasan de ser considerados "residuos" a converterse en elementos básicos dun axeitado tratamento vexetal dos espazos verdes, nos que se consegue maior riqueza biolóxica e un comportamento máis axeitado co ecosistema de cada un dos espazos.

A Xunta impide o rego do campo de golf con augas residuais depuradas



Pasados máis de 4 anos desde a apertura do campo de golf de Xaz, para o que o Concello impuxo entre outras condicións un sistema de rego con augas residuais depuradas, a Xunta está a impedir que se utilice ese sistema. A falta de coordinación e entendemento entre as consellerías de Medio Ambiente e Sanidade está a imposibilitar que se utilice esa solución, co conseguinte consumo de auga potable da rede xeral.

Precisamente o Concello establecera esa condición por cuestións medioambientais, para evitar que o consumo de auga potable se vise afectado polo rego desta instalación. Neste momento estanse a utilizar trimestralmente máis de 38.520 metros cúbicos de auga, o que supón un gasto económico de 84.000 euros.

O Concello de Oleiros lamenta os custos medioambientais provocados pola falta de coordinación interna e xestión da Xunta de Galicia.

Camiña ou rebenta

“A Xunta obrigada a resolver as graves deficiencias do transporte público

Así son moitas das viaxes en autobús



No mes de xaneiro está previsto que a Xunta responda definitivamente ás distintas demandas realizadas por parte do Concello. Recentemente, nunha reunión ante a representantes autonómicos, o alcalde volveu reclamar as distintas necesidades existentes, así como a urxencia de reforzar as liñas saturadas diariamente.

A falta de confirmación oficial, o Concello de Oleiros agarda que se cree dunha vez por todas unha liña entre Perillo e a universidade; que o bus Entrexardíns-O Seixal chegue ata o centro da parroquia de Nós; que se aumenten as conexións co polígono comercial de Iñás; e que se reforcen as liñas máis saturadas en horas puntas, aproveitando para incrementar as conexións a Abeleiras e Xaz.

Ante a nefasta xestión da Xunta, o Concello de Oleiros defende a creación dun Consorcio Metropolitano de transporte entre os municipios da Coruña, Oleiros, Culleredo, Cambre e Arteixo

BUS URBANO DA CORUÑA

Sobre a conexión do bus 1-A con Santa Cristina, o Concello volveu insistir na imposibilidade de pagar 50.000 euros á empresa Cal Pita mentres non estean debidamente xustificadas. Se a empresa entende que ten dereito a percibir eses 50.000 euros debería reclamálo xudicialmente (cousa que ata o momento non fixo); pero en ningún caso iso debe ser impedimento para a chegada novamente do bus urbano da Coruña a Oleiros. Por parte do alcalde propúxose a sinatura dun novo convenio para recuperar o servizo este próximo verán.

“No caso de que o Goberno autonómico persista na súa actitude de ignorar o clamor cidadán para que se mellore o transporte na comarca coruñesa, desde Oleiros farase un chamamento a todos os concellos para organizar unha mobilización conxunta na que esixir á Xunta de Galicia que cumpra coas súas obrigas en materia de transporte.

Instalación de 9 novas marquesiñas

O Concello vai proceder durante as próximas semanas á instalación de 9 novas marquesiñas en distintos puntos do municipio. Trátase dun acordo coa Xunta de Galicia que, tras anos sen atender as solicitudes do Concello, finalmente aceptou cumprir coa súa obriga de dotar as paradas de marquesiñas.

As novas marquesiñas colocaranse nas paradas do cemiterio de Dorneda, a farmacia de Arillo, na avenida Emilia Pardo Bazán, no Royal Palace (2, unha en cada marxe), na rúa do Traballo, na rúa Lavandeira, na avenida Che Guevara (antes da rotonda) e na entrada da urbanización O Bosque.

Outro premio: o parque Rosalía Mera mellor xardín galego 2025

“ Oleiros volve a estar de en hora boa: o parque Rosalía Mera foi galardoado co primeiro premio na 5ª edición dos Premios Xardín Galego. O prestixioso certame foi organizado por Agaexar Asociación Galega de Empresas de Xardinería e contou con recoñecidos profesionais do ámbito da xardinería ecolóxica e paisaxismo como xurado.

O Parque Rosalía Mera, situado en Dorneda, é un espazo natural, un pulmón verde cheo de vida que combina sostibilidade, comunidade, biodiversidade, aprendizaxe, ocio, orixinalidade e mobilidade. Este espazo público de 19.908 metros converteuse en pouco tempo nun parque naturalizado deseñado para facilitar a convivencia interxeracional, ofrecendo espazos habilitados, cómodos e accesibles para o paseo, o descanso, o lecer ou a actividade física. Unha concepción do espazo público natural innovadora que fixo que este proxecto fose merecedor do 5º Premio Xardín Galego 2025.



O proxecto materializado sobre un solo de titularidade privada de clasificación urbana, ten a súa orixe no firme compromiso da súa promotora Sandra Ortega de destinalo a uso público para o lecer da veciñanza.

AULA DO MAR

Dúas réplicas do faro talladas en madeira presiden a entrada á Aula do Mar, en Mera. Trátase dun traballo realizado polo alumnado e profesorado do último obradoiro de emprego municipais, na especialidade de carpintería.



Coidemos as casas de préstamo

As casas de préstamo para actos festivos, reunións familiares e festas de veciños de Oleiros son un servizo que o Concello pon a disposición de forma totalmente gratuíta. Aínda que o civismo no uso destas propiedades municipais é absolutamente maioritario, un único caso de vandalismo pode provocar importantes danos, como sucedeu semanas atrás na casa municipal da praia de Bastiagueiro.

O Concello non deixará de prestar as casas municipais, pero si que actuará con contundencia ante o vandalismo e o incivismo. En caso de danos contra o mobiliario ou incumprimento das normas, as persoas que asinan a solicitude enfrontaranse a un expediente sancionador.



“ O Concello ten unha ampla rede de casas de préstamo por todo o territorio. Un importante patrimonio público para o uso e gozo de todas e todos os e as oleirenses. Coidar, defender e preservar estes espazos é unha responsabilidade colectiva.

Máis de 346.000 euros para subvencionar ás entidades do noso municipio

“ A enerxía que move a nosa calidade humana

Centros de ensino público: 95.963,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	11.642,00 €
■ CEIP Rabadeira:	11.313,00 €
■ CEIP Valle-Inclán:	9.371,00 €
■ CEIP Luís Seoane:	9.885,00 €
■ CEIP Juana de Vega:	11.288,00 €
■ IES Maria Casares:	14.333,00 €
■ IES Miraflores:	16.770,00 €
■ IES Neira Vilas:	11.361,00 €



Anpas: 57.474,11 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	11.028,55 €
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	10.734,36 €
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	10.349,76 €
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	1.941,17 €
■ ANPA Arce do IES Xosé Neira Vilas:	4.411,42 €
■ ANPA CEIP de Nós:	11.408,85 €
■ ANPA Ensino CEIP Rabadeira de Oleiros	7.600,00 €

Entidades veciñais e culturais: 51.000,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.V.V. A Ría:	4.273,54 €
■ A.V.V. Os Rueiros:	4.774,50 €
■ A.V.V. San Antón:	4.292,18 €
■ A.V.V. Santaia:	4.940,49 €
■ A.V.V. San Cosme:	4.188,74 €
■ Centro Cultural e Instructivo	1.204,00 €
■ S.C.R. Amigos de Lorbé	4.120,18 €
■ A.C. Coral Lembranzas de Santa Cruz:	3.157,34 €
■ A.C. O Amanexo:	3.055,10 €
■ Coral Airiños de Nós:	3.020,82 €
■ Coral Polifónica de Mera:	2.793,49 €
■ Asociación Ocio Inclusivo Oleiros	2.695,47 €
■ Coro de Oleiros:	2.838,00 €
■ Agrupación Cultural A Marola	2.646,15 €
■ Asociación Cultural Cofradía de Santa Ana de Mera:	3.000,00 €

O Concello de Oleiros segue a apoiar as actividades e eventos organizados e realizados polas entidades veciñais, culturais, sociais, deportivas e ANPAS do municipio. Este apoio materialízase a través dun sistema de subvencións que sufragan parte dos gastos que xera a vida pública destas entidades que fomentan o ensino público de calidade, a cultura, o lecer, o deporte e a vida social activa no noso municipio. Neste sentido, agrádese a todas cantas persoas, de xeito totalmente altruísta e desinteresado; sosteñen desde as directivas das entidades e clubs este sistema de entidades públicas, colectivas, abertas e dinámicas.

Entidades deportivas: 83.085,72 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Club Balonmano Atlántico:	5.078,81 €
■ Sociedad Cultural e Deportiva Rabadeira:	4.472,77 €
■ Club Voleibol Oleiros:	5.763,23 €
■ Club Deportivo Paddle de Mera:	6.788,72 €*
■ Club Ximnasia Oleiros Rítmica e Estética:	5.676,93 €
■ Club Baloncesto Oleiros:	1.504,54 €
■ Club de Tenis de Mesa Breogán Oleiros:	4.989,10 €*
■ Club Hóckey Oleiros:	5.337,03 €
■ Club de Regatas de Perillo:	32.384,46 €**
■ Solbowling Oleiros:	2.034,16 €
■ Club Acuatic Oleiros:	4.157,24 €
■ CD Mariñeiro de Mera:	4.898,73 €*

*Incluída subvención para investimentos
**Incluídas subvencións para investimentos e organización de regata



Clubs de fútbol: 58.563,70 euros*

ENTIDADE	Subvención
■ A.D. Cristo Rey:	7.261,70 €
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	4.252,00 €
■ Marino de Mera C.F.:	8.230,00 €
■ Club Atlético San Pedro:	9.150,00 €
■ Hércules S.D.:	2.570,00 €
■ Unión Campestre F.C.:	8.660,00 €
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	8.800,00 €
■ Mercurio de Iñás S.D.:	2.450,00 €
■ Club Atlético de Perillo:	3.040,00 €
■ Club Xuventude de Dorneda:	4.150,00 €

*Incluídos premios do Trofeo municipal





O altruísta e xeneroso traballo das persoas que forman as entidades é o motor social do Oleiros para vivir.

52,4 millóns para continuar mellorando Oleiros

“Aprobado o orzamento do Concello para o 2026

Cos votos favorables de Alternativa dos Veciños, a abstención do BNG e os votos en contra de PP e PSOE; quedou aprobado por maioría absoluta da corporación o maior orzamento da historia de Oleiros, que ascende a 52,4 millóns de euros, un 9,62% máis respecto ao do ano 2025. O 58 % dos recursos destinaranse a bens correntes, servizos básicos e persoal, para fortalecer aínda máis a prestación de servizos públicos e conservar axeitadamente a infraestrutura do Concello.



GASTOS	
▪ PERSOAL:	13.571.255 €
▪ GASTOS CORRENTES:	17.112.416 €
▪ GASTOS FINANCEIROS:	42.010 €
▪ TRANSFERENCIA CORRENTES:	1.523.230 €
▪ FONDO DE CONTINXENCIA:	350.000 €
▪ INVESTIMENTOS REAIS:	19.744.588 €
▪ TRANSFERENCIA CAPITAL:	30.000 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	45.500 €

INGRESOS	
▪ IMPOSTOS DIRECTOS:	12.737.000 €
▪ IMPOSTOS INDIRECTOS:	2.430.000 €
▪ TAXAS E PREZOS PÚBLICOS:	3.813.850 €
▪ TRANSFERENCIAS CORRENTES:	14.671.605 €
▪ INGRESOS PATRIMONIAIS:	542.500 €
▪ ALLEAMENTO INVEST. REAIS:	1.574.251 €
▪ TRANSFERENCIAS CAPITAL:	5.472.458 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000,00 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	11.177.335 €

Tamén se realizará un investimento moi significativo en novas obras e servizos. Está previsto dedicar 19,7 millóns de euros para numerosas actuacións de asfaltados, melloras e creación de novos tramos de beirarrúas, renovacións da iluminación pública; melloras en parques e instalacións deportivas, sociais e culturais; obras de eficiencia enerxética en edificios municipais; e renovacións de redes de abastecemento de auga, saneamento e pluviais. Destacan a construción do multiusos de Bastiagueiro, a senda costeira de Naval a Canide, a grada no campo de fútbol de Montrove, a tubaxe xeral de auga de Oleiros, as beirarrúas de Bartolomé de las Casas ou as melloras no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz, entre moitas outras.

En canto aos ingresos, os impostos directos e indirectos supoñen igual que en anos anteriores un terzo do total. Hai un incremento importante nos ingresos procedentes doutras administracións pola obtención de fondos europeos e figura tamén un pasivo financeiro, aínda que realmente se estima que non será necesario ante a previsión de incorporación dos remanentes de Tesourería propios do Concello tras o peche do presente exercicio 2025.

PRINCIPAIS OBRAS E SERVIZOS QUE SE REALIZARÁN EN 2026	
OBRA	IMPORTE
• Renovación rede xeral de auga na avenida Salvador Allende	479.217,13 €
• Renovación rede xeral de auga da avenida Francisca Herrera	886.913,90 €
• Obras varias renovación nas redes de abastecemento do Concello	150.000,00 €
• Renovación tubaxe xeral de entrada de auga da Costa da Tapia	363.908,37 €
• Renovación rede de auga A Edreira-rúa do Pazo	281.354,60 €
• Estudio e reforma de acometidas domiciliarias á rede municipal e renovación de tapas da rede de saneamento	155.000,00 €
• Renovación da rede de saneamento en Santa Cruz - Fase I	208.333,40 €
• Modificación da rede de saneamento no campo de fútbol Leonardo Maceiras (Os Regos).	45.060,90 €
• Reurbanización rúas adxacentes ao mercado de Perillo	1.417.208,90 €
• Asfaltados de rúas e camiños: Rula, Poza, Xosé Chas García, Talagra, Castro Xaz, Abeneiro, Castro Nós, Abeleiras, Freixos, Lucín, Salvador Madariaga, Lagarteiras, Avogadas, Anduriñas, Benito Vicetto, Do Campo, O Caño, Miguel Hernández, Charry, Ernesto Che Guevara,	400.000 €
• Reurbanización Rúa Sauces	200.000 €
• Reurbanización avenida das Américas, rúa Víctor López e rúa Mendel	995.000 €
• Senda peonil Naval- Canide	1.035.417,95 €
• Mellora da eficiencia enerxética no alumeado e cadros eléctricos	150.000,00 €
• Obras de mellora do entorno do Parque Romántico de Montrove	150.000,00 €
• Melloras e renovacións nos parque infantís da II República, Areeiros e Luís Seoane	340.000,00 €
• Substitución do pavimento no parque José Martí	318.410,80 €
• Novas casetas de socorrismo nas praias	150.000,00 €
• Obras varias renovación e mellora nas instalacións deportivas	200.000,00 €
• Construción de grada e vestiarios no campo de fútbol O Redondo (Montrove)	1.695.456 €
• Construción de edificio Multiusos en Bastiagueiro	3.833.771,70 €
• Acondicionamento exterior, gradas retráctiles, equipamento, mobiliario e material necesario para o multiusos Bastiagueiro.	2.535.225,85 €
• Reparacións de cubertas de edificios municipais: (polideportiva de Iñás, pavillón Valle Inclán, Aspadisol,...)	300.000,00 €
• Reparación da cuberta da polideportiva Meixonfrío (Santa Cruz)	300.000,00 €
• Melloras de eficiencia enerxética en edificios municipais	470.895,10 €
• Reparacións no cemiterio municipal de Liáns	80.000,00 €

Novos horarios nas Casas da Mocidade



“ Todos os mozos e mozas maiores de 12 anos poden visitar, coñecer e comezar a usar as Casas da Mocidade situadas en Santa Cruz e Montrove, de luns a domingo en horario de tarde.

Totalmente equipadas, están concibidas para ofrecer outras alternativas para o ocio e o lecer da mocidade de todo o municipio.

O Concello contratou unha empresa por dous anos e por importe de 273.460 euros para que realice a dinamización dos centros informar e fomentar a participación e promoción social e cultural da mocidade. Tamén haberá un punto de información xuvenil en cada recinto.

Estas actividades desenvolveranse no centro Portaberta de Santa Cruz, na rúa Daniel Castelao, e na Escola das Pedras, na estrada que vai de Perillo a Montrove. Ambos centros abrirán de luns a xoves de 17.00 a 20.00 horas. Os venres e sábados o horario de apertura tamén será ás 17.00 horas, pechando ás 22.00 horas Portaberta e ás 23.00 horas As Pedras (o sábado abrirá ata as 12 da noite). Os domingos os horarios serán de 16.00 a 20.00 horas.



No caso da rapazada de 12 e 13 anos que se atope cursando estudos de educación secundaria, permitiráselle o acceso en horario de 17.00 a 20.00 horas, agás os domingos, nos que poderán acceder a partir das 16.00 horas.

Ampliación de espazos no Pazo de Arenaza

O Pazo de Arenaza atópase cedido polo Concello á Deputación para albergar un centro de traballo compartido. Ante o éxito que ten, para poder incorporar máis persoas emprendedoras, o Concello demandou á Deputación novas obras para incrementar os actuais espazos restaurando o patio e as antigas cortes, actualmente en desuso.

O alcalde e deputado provincial acadou o compromiso da Deputación para que sexa o organismo provincial o que execute a obra, á que destinará 256.000 euros. O proxecto dependerá dun concurso de ideas promovida pola Deputación e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia..



O Concello coopera nunha nova misión sanitaria solidaria en Chiapas

Unha brigada médica solidaria desprazouse recentemente ao Hospital San Carlos de Altamirano, en Chiapas (México). A expedición estivo composta polos xinecólogos Luis Heliodoro Alba Ordás e Fátima Martínez Ordás, as cirurxiáns Celsa María Fernández Blanco e Namibia Sanluis Verdes, as anestesistas Rosa María López Pérez e María Vilela Lozano e a enfermeira Mónica María García Casás –responsable do proxecto–, que actuaron durante dúas semanas en coordinación co persoal do hospital local.

Con esta misión buscábase mellorar o acceso a intervencións cirúrxicas e atención médica especializada en comunidades rurais e indíxenas con escasos recursos, onde o acceso a servizos sanitarios básicos segue sendo limitado. Debido ao illamento no que se atopa a localidade que alberga este hospital, resulta moi complicado atopar médicos que poidan traballar no centro.

Este é un proxecto da ONG Solidariedade Galega que financiou o Concello de Oleiros con **19.500 euros**.



Subvención para mellorar un centro das Mercedarias Misioneiras de Bérriz



O Concello outorgou unha subvención de 11.100 euros á congregación das Mercedarias Misioneiras de Bérriz en Chiapas para construír un peche perimetral no seu centro social e relixioso, onde levan 24 anos implicadas na vida da comunidade, particularmente activas nesta zona do sur de México.

Estas monxas realizan un traballo serio e profundo da reconstrución da vida comunitaria, creando conciencia e compromiso como resposta alternativa ás realidades que se viven. Todo isto a través dun proceso de formación integral ás persoas, aos diversos grupos e ás comunidades ás que serven.

O deteriorado peche do recinto non garante a necesaria seguridade no difícil clima social da contorna, onde a violencia é constante debido á instalación na zona de grandes terratenentes que desprazaron da zona á poboación campesiña, con enganar ou á forza.

Colaboración de Oleiros na reconstrución de centros sanitarios e educativos en Cuba arrasados polo Melissa



O municipio de Guamá, en Santiago de Cuba, recibirá a solidariedade de Oleiros cun proxecto de recuperación destinado a restaurar diversas infraestruturas relacionadas coa educación e a saúde danadas polo furacán Melissa, que tocou terra nesa provincia a finais de outubro.

Son case 7.000 euros que Oleiros achega ás restauracións nese municipio cubano e que irán destinados sobre todo a impermeabilizar edificios e teitos que resultaron danados. Este proxecto forma parte dun programa de cooperación máis amplo no que o Concello participa coa ONG SODEPAZ.

BÚSCASE WANTED



Terrorista internacional International terrorist

RECOMPENSA: 0,50 \$

Recepción oficial a Lucas Yáñez, campeón de Europa de patinaxe artística



O alcalde, Ángel García Seoane, e a concelleira de Deportes, Teresa Vázquez, recibiron oficialmente na Casa do Concello o recente campión de Europa de patinaxe artística Lucas Yáñez, veciño de Dorneda. En recoñecemento a ese destacado triunfo deportivo, froito dun esforzo e dedicación persoal sobresaíntes, fíxoselle entrega dunha placa como agasallo institucional do Concello de Oleiros.

Lucas Yáñez é neste momento unha figura mundial deste deporte. Con tan só 21 anos atesoura unha brillante carreira, xa que ademais deste último título europeo foi campión mundial en dúas ocasións. Pero por encima deses triunfos, Lucas destaca pola súa forma de ser, a súa humildade e a súa afabilidade, o que o converte en referente para nenos e nenas, e un orgullo máximo para o pobo de Oleiros.

A partir dos 3 anos, Lucas Yáñez comezou a practicar patinaxe, fútbol, judo e natación en distintas instalacións do Concello. Co paso do tempo foi centrándose na patinaxe, no club Patín Maxia, principalmente por unha cuestión de gusto persoal, pero tamén polas grandes capacidades que esbozaba para converterse nun grande campión. A súa foi unha traxectoria impecable, repleta de vitorias, facéndose co triunfo en practicamente todas as competicións ás que acudía. Un exhaustivo plan de adestramentos diarios con grandes doses de sacrificio persoal fixeron de Lucas Yáñez un gran campión internacional.


O campión do mundo Rubén Río deixa o balonmán

Rubén Río, xogador de balonmán oleirense, anunciou recentemente a súa retirada do deporte profesional. Despois de varios problemas de xeonllo, unha última lesión na tempada 2024/25, cando militaba no Cangas, fixo que decidise poñer fin á súa carreira.

Con 28 anos de idade, Río pecha unha vida deportiva espectacular que comezou no BM Ártabro, e que o levou a defender as cores de varios conxuntos da Liga ASOBAL (máxima categoría do balonmán nacional) como o Gijón Jovellanos, Atlético Valladolid, BM Ciudad Encantada e o Cangas. Tamén militou no campionato francés, no US Ivry Handball e no JS Cherbourg Manche.

O momento máis especial da súa traxectoria viviu coa Selección Española Júnior. No ano 2017, proclamouse campión do mundo co combinado nacional. Doce meses antes, co mesmo equipo, conseguira ser campión de Europa.

O pasado 21 de novembro concedeu unha entrevista ao programa Sintonía Deportiva de Radio Oleiros, na que confesaba como lle gustaría ser recordado no mundo do balonmán. “Quero que a xente lembre a Rubén Río como un rapaz humilde que sempre intentou dar o mellor que puido en todos os equipos. Ao final o que che deixa este deporte son as experiencias e os amigos que fixeches no camiño”, asegurou.



Destacados resultados no Mundial de Paddle surf

“Ampla representación oleirense en Abu Dabi, no Campionato do Mundo de Stand Up Paddle.

Os 6 “riders” de Oleiros participantes acadaron uns extraordinarios resultados: Nacho Iglesias (32º), Daniel Folgar (8º), Antón Sanz (21º), Iván Puente (10º), Paula Rodríguez (4º) e Pablo Pérez (6º).



Próxima contratación das gradas do campo de Montrove, por 1,6 millóns

A proposta do Goberno municipal, o pleno acordou solicitar á Deputación unha subvención por importe de 400.000 euros para a construción dun novo edificio de bancadas e vestiario no campo de fútbol O Redondo de Montrove. O Concello ten previsto realizar esta obra nos primeiros meses do ano, cun investimento total superior a 1,6 millóns.



O Ximansia Oleiros segue triunfando



En categoría senior, as ximnastas oleirenses proclamáronse campioas galegas. O equipo infantil tamén foi campión galego e 4º na Copa de España.

Toni Sandino, bronce no Campionato de España

O judoca de Dorneda incrementou o seu brillante palmarés cunha nova medalla en categoría absoluta. Sandino acadou esta 3ª posición en +100 kg.



Jorge Álvarez, Campión na Tennis Europe

Nun ano para enmarcar, Jorge Álvarez suma á súa vitoria do Campionato Galego unha proba do Tennis Europe, o circuíto máis importante a nivel internacional.



Quique Orro, subcampión galego de esgrima

O deportista do club 100 Tolos acadou a medalla de prata no I Torneo de ránking galego de espada. Quique Orro Taboada competiu na categoría M15.



Jaime Devesa, bronce no galego de 5.000 metros

O atleta de Perillo ocupou a terceira posición no Campionato Galego de 5.000 metros en ruta. Jaime Devesa Blanco correu en categoría sub18.



Ampliación de espazos no Colexio Valle Inclán

“O Concello cede unha parcela para bosque e aula sen muros



Un pequeno bosque biopedagógico de máis de 1.000 metros cadrados será creado nunha finca municipal anexa ao Colexio Valle Inclán, en Perillo, atendendo a unha solicitude da ANPA e do profesorado do centro.

O predio converterase nun bosque dedicado á pedagogía, cunha aula sen muros, un invernadoiro, unha horta de tempada e un conxunto de árbores autóctonas e de froita. O proxecto foi seleccionado para concorrer ao programa “Aprender do Bosque” do Centro de Arte da Fundación María José Jove, un proxecto que impulsou a profesora Fina Mosquera e no que participaron numerosas alumnas e alumnos coas súas ideas sobre o uso deste novo espazo escolar.

O Concello procederá proximamente a construír un peche para finca e á apertura dun acceso desde o colexio.

Segue a loita das ANPA por unha educación pública de calidade

Todas as ANPA do municipio, co total apoio do Concello de Oleiros, convocaron concentracións nas portas de todos os colexios para reclamar que a Xunta dote a todos os centros dos recursos necesarios. O Goberno municipal tamén lles deu voz no pleno, onde procederon á lectura dun manifesto conxunto de todas as ANPA para reclamar “un ensino público axeitadamente dotado, inclusivo e de calidade ao que temos dereito e que polo tanto, debemos esixir, porque só cun ensino público inclusivo e de calidade, poderemos acadar a igualdade de oportunidades para os nosos fillos e fillas”.

A falta de profesorado no colexio Valle Inclán está a deixar o alumnado sen poder participar nas distintas actividades que ofrece gratuitamente o Concello ás escolas. Se a Xunta segue sen atender as demandas da ANPA, os nenos e nenas do colexio van quedar este curso sen excursións, horta escolar, concertos, teatro, visita á Biblioteca Rialeda, saídas deportivas, patinaxe na pista de xeo...



Continúan as actividades de concienciación contra a violencia machista

Máis de 800 nenos e nenas participaron durante o mes de novembro nas distintas actividades que organizou o Concello nos centros de ensino. Ademais da instalación de puntos de información e sensibilización nos recreos, organizáronse obradoiros co alumnado de 3º de primaria.

Estas actividades forman parte dunha programación continua do Concello para promover unha comunidade educativa libre de violencias, insistindo na educación en igualdade e prevención e detección temperá de base como ferramentas imprescindibles para avanzar cara a un municipio máis xusto e igualitario.



Alberto Lista, Premio Artesanía de Galicia 2025

O profesor da Escola Municipal de Olería foi recoñecido pola Xunta de Galicia por elaborar un singular xogo de té de forma colaborativa cun gusto e unha arte exquisita. Ademais da súa actividade artística e profesional como oleiro, Alberto Lista leva xa varios anos impartindo as distintas clases que organiza o Concello no alfar das Torres de Santa Cruz. Un extraordinario mestre, cunha profunda vocación, que contribúe co seu exemplar traballo a prestar un gran servizo cultural á cidadanía.



José Castro López recibirá na Fábrica o Premio Mundiario

MUNDIARIO

O xornalista José Castro López será condecorado co IV Premio Mundiario que se entregará na Fábrica o 22 de xaneiro, ás 20.00 horas. O xurado outorgoulle a distinción en recoñecemento á súa extensa traxectoria no ámbito da comunicación e, especialmente, polo seu compromiso sostido coa liberdade de expresión e a defensa da cultura.

No acto, ademais do alcalde, Ángel García Seoane, tomará a palabra o director e fundador de Mundiario, José Luis Gómez, que lle fará entrega a Castro da escultura conmemorativa do Premio, obra de Fran Lareo. O acto de entrega será público e aberto e contará coa presenza de destacadas personalidades da cultura, o xornalismo, a política e a economía.

“Mundiario é un prestixioso periódico global de crítica e opinión con sede en Oleiros.

Premio Fin de Carreira de Galicia para Anxo Lens



Nos premios outorgados pola Xunta de Galicia aos mellores expedientes académicos universitarios do curso 2023/2024 foi recoñecido polo seu brillante expediente académico Anxo Lens Vales, veciño de Liáns. Tamén recibiu o Premio Extraordinario de Grao da Universidade da Coruña pola finalización dos seus estudos de INEF co mellor expediente da súa promoción.

Novas rutas do programa municipal *Andares por Galicia, a cultura da natureza*

O Concello segue a combinar actividades de sendeirismo en espazos naturais con visitas a museos ou outros lugares de interese cultural, histórico ou patrimonial. Así é que ao longo dos próximos meses organizaranse distintas saídas por toda Galicia.

Proximamente informarase de todas as datas para que as persoas interesadas poidan inscribirse, a través da Sede Electrónica ou na Fábrica, desde aproximadamente 15 días antes da celebración de cada ruta.

Ler máis para vivir mellor



144 persoas participan nos Clubs de Lectura

Este programa cultural é un dos de maior éxito do Concello. Aínda que botou a andar hai xa 25 anos, cada vez existe máis demanda non só da veciñanza de Oleiros, senón tamén de concellos limítrofes que ante a carencia deste tipo de actividades nos seus municipios queren participar. Tanto é así que debido a que o número de participantes é de 20 por sesión, existe xa unha nutrida lista de agarda.

Todas as persoas participantes destacan a calidade das sesións, dirixidas brillantemente por Silvia Salgado.

O público é maioritariamente feminino, aínda que cada vez hai máis homes. Os grupos están compostos maioritariamente por persoas de mediana idade, entre 45 e 50 anos de media. Mesmo existe sesión matinal, en Mera, que utilizan persoas que traballan polas tardes ou gozan da súa xubilación.

O xeito de elixir os libros é temático e responde a literatura sobre arte, un país convidado (que este ano é Italia), literatura de grandes premios e por último un capítulo dedicado a libros que nalgún momento estiveron prohibidos por calquera razón.

Trimestralmente, cada club dedícase a un destes temas. As sesións constan dunha introdución a cargo da coordinadora do evento e unha fase participativa, na que cada persoa expresa as súas impresións tras ler a obra.

O sistema permite gozar de obras literarias ás que cada persoa libremente quizais nunca chegaría, pero que normalmente producen grande satisfacción, porque este xeito colectivo de poñer en común as impresións xeradas pola lectura adoita prestar moito.

Calquera persoa, independentemente do seu nivel lector, pode participar nas sesións, que son de dúas horas ou de hora e media segundo o club. Ao tempo, acostuma haber unha introdución musical relacionada coa temática e incluso referencias gastronómicas dalgún xeito derivadas da lectura.



■ Cada trimestre escóllense un libro en galego -sexa escrito orixinariamente na nosa lingua ou algunha tradución-, outro en español, outro de fóra e polo menos un escrito por unha muller.

Oleiros integrador e multicultural **Persoas de 89 nacionalidades diferentes conviven no municipio**

A concienciación antirracista que promove o Concello, que vai desde as escolas ata calquera actividade, fai que unha inmensa maioría da cidadanía entenda a diversidade cultural como algo moi positivo, como un factor enriquecedor, de aprendizaxe e intercambio doutros hábitos e costumes. A tolerancia e respecto absoluto existente permite unha convivencia moi agradable, sen conflitos por custións raciais ou relixiosas.

CIFRAS

Despois da nacionalidade española, a máis numerosa no municipio é a venezolana con 378 veciños e veciñas, seguida da colombiana con 279 residentes, a

brasileira con 213 residentes, a italiana con 167, da peruana con 152, a portuguesa con 117 e a arxentina e ucraniana; con 84 e 60 residentes respectivamente. As nacionalidades menos numerosas

en Oleiros son as dos veciños e veciñas nados en Kazajstán, Vietnam, Angola, Xapón, Armenia, Cabo Verde, Arabia Saudí, Burundi, Georgia, India, Bulgaria, Tailandia, México e Nova Zelandia.

Bailes nas Casas do pobo os sábados


“*De Baile en Baile* é o nome dun novo programa cultural e de convivencia entre persoas maiores que se consolida como referente de festa e ocio activo. Celebrarase os sábados pola tarde nas distintas casas do pobo.



De 17 a 20 horas abriranse de forma rotatoria algún destes espazos, que contarán con dúos ou solistas para que se encontren persoas de calquera lugar do municipio. Este ano incorpórase tamén un servizo de recepción e acompañamento das persoas participantes, para cubrir calquera circunstancia que puidera acontecer.

Haberá baile os días **17, 24 e 31** de xaneiro; **7 e 28** de febreiro; **7, 14, 21 e 28** de marzo, **11, 18 e 25** de abril; **9, 16, 23 e 30** de maio; **26** de setembro; **3, 10, 17, 24 e 31** de outubro, **7, 14, 21 e 28** de novembro e por último o **12** de decembro de 2026.

Concertos en febreiro e teatro e danza a partir de marzo



Todos os sábados do mes de febreiro haberá concertos de distintos grupos e estilos musicais na Fábrica, en Perillo, cunha nova edición do ciclo de música Voces Cálidas para Noites de Inverno. A programación teatral e os espectáculos de danza retomaranse en marzo, no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Informarase de todas as actuacións a través dos distintos medios de comunicación municipais.

Novos contacontos e obradoiros infantís nas bibliotecas municipais



As bibliotecas do Concello de Oleiros ofrecen durante os vindeiros meses diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a nenos e nenas maiores de 2 anos. Todas as actividades están dispoñibles na web municipal www.oleiros.org. É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000.

TRIBUNA ABERTA

Din que una imaxe vale máis que mil palabras. Tamén din que para exemplo, un botón.

Pois na AVV San Cosme de Maianca temos a imaxe e o botón: os faros de Mera.

Faros dependentes da Autoridade Portuaria da Coruña, que nin está nin nos escoita, xa que dende agosto levamos reclamando xunto coas entidades ACRD Festas do Mar de Mera, AVV San Antón de Dexo, AC Confraría Santa Ana de Mera, Agrupación Cultural A Marola, Asociación Cultural O Amanexo, Coral de Mera e Confraría de Pescadores de Lorbé o seu acondicionamento sen éxito.

Isto é, as entidades citadas presentamos un escrito no mes de agosto no que solicitamos á Autoridade Portuaria da Coruña a conservación e vixilancia dos faros, así como o restablecemento ao seu estado orixinal, xa que logo dunha actividade autorizada por esta deixaron os faros nun estado propio de condutas incívicas. Unha actuación cuxa autorización amosa a vulnerabilidade do noso patrimonio cultural e natural en distintos ámbitos: político e institucional; económico e técnico.

Os faros de Mera, catalogados como bens patrimoniais pola Xunta de Galicia, atópanse nunha zona integrada na Rede Natura 2000 e declarada Monumento Natural, polo que calquera actuación sobre estes debe de cumprir criterios en materia de sustentabilidade ambiental e de conservación do patrimonio.

Que pensaríamos ou faríamos se autorizaran unha actividade de pintado por nenos/as sobre a Torre de Hércules ou o Faro de Fisterra? Quen autoriza una actuación así? Con que criterios técnicos? Que plan de protección teñen os nosos faros como patrimonio cultural e natural que son? En definitiva, quen vixía ao vixiante? Se existiran as responsabilidades, nós o temos claro, a Autoridade Portuaria debe velar pola conservación dos faros e, promovendo e autorizando este tipo de actividades, non o fai.

Deste xeito, preocupados pola fragilidade do entorno, as entidades da zona norte de Oleiros pedimos ás administracións e á cidadanía que poñan todos os medios dispoñíbeis para conservar e preservar este lugar tan valioso e se sumen á nosa petición xa que, sen prexuízo da súa propiedade, os faros pertencen a todas e todos polo que debemos protexelos, respáctalos e coidalos.

Así que, lonxe de calarnos, as entidades da zona norte continuaremos...

AVV San Cosme de Maianca



Concello de Oleiros: 981 610 000
Oficina de atención ao veciño • de luns a venres de 8 a 20 h

Policía Local (24 horas)	981 610 001	Centros municipais de actividades	
Garda Civil de Oleiros	981 610 067	Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Garda Civil urxencias	062	Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Emerxencias Oleiros	981 636 933	Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Xulgado	981 610 824	Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Servizo de augas	981 610 602	Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Recadación municipal	981 635 603	Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274	Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405	Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Urxencias médicas (24 horas)	061	Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901	Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Saúde Perillo	981 638 731	Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768	Escola Municipal de Danza	981 639 688
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188	Escola Municipal de Música	981 639 143
Casa do Mar de Mera	981 628 544	Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Oficina Turismo	981 904 052	Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Centros educativos		Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706	Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
El A Pardela / Os Regos	981 631 788	Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446		
El A Braña / Mera	981 617 505	Bibliotecas	
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921	Central Rialda / Perillo	981 639 511
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858	Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
IES Miraflares / Oleiros	881 880 845	Mª José Trincado / Mera	981 628 507
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344	Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130	Manuel María / Oleiros	981 610 700
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801	Ánxel Fole / Nós	981 664 257
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324	Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270	Biblioteca Mediambiental /	
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947	Pazo de Lóngora	981 630 618

TRANSPORTE PÚBLICO: www.bus.gal
Radio TAXI: 981 24 33 33

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 16 de decembro

DEXO (Santa María)	1.520
DORNEDA (San Martiño)	3.866
IÑÁS (San Xurxo)	1.330
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.443
MAIANCA (San Cosme)	1.740
NÓS (San Pedro)	5.038
OLEIROS (Santa María)	3.420
PERILLO (Santa Leocadia)	9.280
SERANTES (San Xulián)	1.725
TOTAL	39.362

FARMACIAS de GARDA decembro do 2025 / marzo do 2026

- **LORBÉ** • Rúa Golfiño, 117-A: *Do 2 ao 9 de xaneiro*
- **IÑÁS** • Avda. das Mariñas, 54, Parque Oleiros: *Do 9 ao 16 xaneiro*
- **PERILLO** • Rúa Areal 17: *Do 16 ao 23 de xaneiro*
- **OLEIROS** • Camilo Díaz Baliño, 1: *Do 23 ao 30 de xaneiro*
- **MERA** • Praza de Miramar, 4: *Do 30 de xaneiro ao 6 de febreiro*
- **PERILLO** • Avda. Rosalía de Castro, 247: *Do 6 ao 13 de febreiro*
- **NÓS** • Avda. das Mariñas, 247: *Do 13 ao 20 de febreiro*
- **SANTA CRUZ** • Francisco Comesaña 4-6: *Do 20 ao 27 de febreiro*
- **ARILLO** • Avda. República Arxentina, 106: *Do 27 de febreiro ao 6 de marzo*
- **OS REGOS** • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4: *Do 6 ao 13 de marzo*

Quién te ha visto... y quién te ve



Villa Rialda



O Goberno municipal adquiriu, rehabilitou e puxo a servizo da cidadanía un total de 22 edificios relevantes e históricos de propiedade privada. Un dos máis emblemáticos é Villa Rialda.

Construída a comezos do século XX, tivo distintos usos. Ante a pretensión dos seus últimos propietarios de eliminar o edificio para construír bloques de pisos, o Concello protexeu o edificio e a finca mediante a aprobación do primeiro Plan Xeral de urbanismo no 1984.

Anos despois, no 1993, o Concello adquiriu Villa Rialda mediante un convenio urbanístico. Posteriormente procedeuse á reconstrución do edificio, coa participación de 60 mozos e mozas dunha escola taller. Así é que desde 1998 presta servizo público a toda a cidadanía como biblioteca central, cunha intensa actividade cultural e literaria, mercedora de numerosos premios e distincións por parte de distintos organismos autonómicos e estatais.

*Triunfar en la vida no es ganar.
Triunfar en la vida es
levantarse y volver
a empezar cada vez
que uno cae*

Pepe Mújica



*Feliz
2026!*